




muller & cultura

Fiadeiras

Fiadeira (substantivo feminino). Muller que se dedica a fiar.

Fiar (verbo transitivo). Relacionar ou enlazar [unha cousa non material] con outra.



Uxía

xoves, 21 marzo

18:30 a 19:30 h.



Antía Otero

venres, 12 abril

18:30 a 19:30 h.



Idoia Cuesta

mércores, 15 maio

18:30 a 19:30 h.



Mónica Alonso

mércores, 29 maio

18:30 a 19:30 h.



UNED

LUGO

Tolda de Castela 4B

Salón de Actos - 3º andar

Máis info: <https://extension.uned.es/actividad/36941>

Teléfono: 982 28 02 02



Alba Díaz
Coordinadora de *Fiadeiras*

A loita pola igualdade entre mulleres e homes ten implicacións complexas en todos os planos do mundo laboral, pero tamén, da nosa vida social, política, e cultural.

As **mulleres e o feminismo** como protagonistas políticas, de xeito máis ou menos explícito, lidamos no día a día con todo tipo de prexuízos, atrancos, discriminacións e iso que se deu en chamar o teito de cristal.

A actividade **artística e cultural** non é a excepción a un panorama xeral dominado por estruturas patriarcais e machistas que condicionan o xeito de concibir, valorar e promocionar as nosas creacións culturais así como a asunción por parte das novas xeracións de referentes femininos que contribúan a mudar o estado de cousas. De paso, este marco imposibilitou durante moito tempo que, con frecuencia, as mulleres acadasen por parte da cidadanía o recoñecemento social froito do seu traballo e talento ou gozasen do prestixio entre os seus pares masculinos no propio ámbito da industria cultural. Maila a iso, moitas das nosas creadoras **contribuíron dende posicións de resiliencia a conformar un espazo cultural de resistencia afeito á emerxencia e ás adversidades, facendo parte dunha incesante vangarda que é xa referencia universal e indiscutíbel**, polo valor intrínseco das súas creacións que, ademais, foron quen de vencer un marco moi desfavorábel e funcional ao status quo.



Fiadeiras achéganos as experiencias e impresións de varias mulleres galegas que hoxe son referentes indiscutíbeis nos seus correspondentes campos de creación e/ou actividade e que, a través da súa participación axudarannos a formular mellor algúns dos interrogantes e desafíos que como mulleres enfrentamos en todo tipo de ámbitos.

mulleres & cultura

Fiadeiras



UXÍA

21 de marzo 2024

É unha das figuras centrais da cultura galega e probabelmente unha das mellores embaixadoras da música tradicional galega en todo o mundo, achegando ademais importantes contribucións ao espallamento da lusofonía.

Leva décadas colaborando coas principais figuras da música e, ao tempo, desenvolveu unha incesante labor cívica e social en propostas que sempre promoven talentos emerxentes dende unha óptica comprometida coa loita das mulleres.

muller & cultura

Fiadeiras



ANTÍA OTERO
12 de abril 2024

É unha das poetas de referencia da poesía galega e estatal e, ademais, é unha das responsábeis de Apiario, proxecto editorial de longo percorrido que se distingue pola calidade, o gusto e o rigor das súas publicacións. Antía acumula tamén longa experiencia impartindo obradoiros en centros de ensino. Xa sexa como medio de aproximación á poesía, con monográficos sobre autoras/es específicas/os ou cunha serie de propostas nas que se aborda o poético dende diferentes perspectiva.

muller & cultura

Fiadeiras



IDOIA CUESTA

15 maio 2024

Fala do que ela denomina a súa linguaxe perfecta: a cestaría. As súas pezas traspasan os límites da cestaría tradicional e utilitaria para converterse en creacións contemporáneas e únicas. Tamén da importancia que concede á formación continua, a tecnoloxía e a sinerxía con outros artesáns e deseñadores.

Aínda que se formou como bióloga e especializouse en zooloxía mariña, sempre quixo estudar Belas Artes. Tras participar en cursos de tecido, descubriu a súa paixón pola cestaría no Centro de Artesanía e Deseño de Lugo, entre outros. Traballa fusionando a cestaría e o téxtil, a partir de técnicas tradicionais de tecido. Realizou multitude de colaboracións, algunhas para firmas nacionais como Adolfo Domínguez, Sara Coleman ou Zara Home, e outras para marcas internacionais como Loewe. Ademais de impartir formacións en escolas e universidades, en 2006 publicou a Guía das plantas cesteables de Galicia. En 2014 Idoia Costa gañou o Premio Nacional de Artesanía na categoría Produto e en 2021 foi galardoada co Premio Artesanía de Galicia.

muller & cultura

Fiadeiras



MÓNICA ALONSO

29 de maio 2024

É artista plástica cunha dilatada carreira que transcendeu fronteiras. En 1999 concédeselle a Bolsa Fenosa que a leva a New York ao Acconci Studio. En 2001-2003, a Bolsa Endesa para as artes plásticas. En 2004, a Bolsa Fundación YADDO, Nova York. 2005 vai ser un ano especial para a artista: reside en Roma coa Bolsa da Academia de España en Roma. Recibe a Bolsa CAM de Arte Contemporánea co proxecto: *'Do frío ao calor, do calor ao frío, pasando polo temperado'*. Este feito lévaa a viaxar de lugares de frío a lugares de calor: Oslo, Sao Paulo, Patagonia Arxentina, Nord Kapp ou o Sahara. A súa multidisciplinabilidade lévaa a realizar o proxecto de colaboración Next 8 Mostra Internazionale dei Architettura, A Biennale dei Venezia, Pavillón Español, 2002; Terapia Habitación de Hospital, Hospital Clínico Universitario de Santiago, CGAC, 2008-2010; Intervención cromática en Centro de Día en Maceda Ourense, 2009.

Ingressa en 2022 na Academia Galega de Belas Artes.



